



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA CATORCE DE NOVEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día catorce de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201300000001293 de don Benedicto Lareo Calvo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Lestedo - Boqueixón, solicita licenza para obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar situada en Torre de Abaixo –Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-2), segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30 % da parcela neta; núm.: plantas B+1; Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado e modificado, redactado polo arquitecto, D. Eugenio Torreira Pais cun orzamento de 114.600,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses, e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Construirase de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co contorno, de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.



De acordo coa cita lei deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e da conexión ao saneamento municipal de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (150,00 m<sup>2</sup>).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil douscentos noventa e dous euros (#2.292,00#).

#### 2.2.-Instancia núm. 201300000001147 de dona María José Viegas Brito.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Noia, solicita licenza para obras de conservación en vivenda unifamiliar situada en Laraño, 13, parroquia de San Xián de Sales (expediente núm.: 2013/U008/000011), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta;, núm.: plantas B+1 , segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Manuela A. Echeverría Ulargui cun orzamento de 15.500,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 , de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co contorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (276,52 m<sup>2</sup>).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos dez euros (#310,00#)

#### 2.3.- Instancia núm. 201300000001220 de don Adrián Parada García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de construción de cerre de parcela, de aproximadamente 120 m de lonxitude, con base de formigón (revestida de pedra), postes e arame (Expte 2013/U009/000079), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.



2º.- A distancia para o cerre será a estipulada no plano que acompaña o documento de cesión de viais realizado coa licenza de obra para a construción de vivenda.

Garantirase o natural discurrir das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

A altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sete euros con oitenta e seis céntimos (#107,86#)

2.4.- Instancia núm. 201300000001334 de dona María Erminda Fuentes Fandiño.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de substitución de cerre de piscina existente, de aproximadamente 25 m de lonxitude, con aluminio e cristal (Expte. núm.: 2013/U009/000089), situada en Cibrán nº 29, en solo cualificado como solo rústico de agrícola (R-2) segundo o vixente PXOM..

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Instancia núm. 201300000001470 de dona María Jesusa Fernández Mogo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 4 solicita licenza para obras de reforma e acondicionamento de baño e aseo existentes segundo memoria que se achega (Expte. núm. 2013/U009/000094), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1)segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada.

O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (#74,63#).

2.6.- Instancia núm. 201300000001412 de don Luís Roberto Morao Rey.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 10 m de lonxitude, con postes e arame, no lugar de Nande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural(N-2).



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m dende o eixe da vía.

Garantirase o natural discurrir das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia.

Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.7.- Instancia núm. 201300000001148 de don Oscar Villaverde Cutrín.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para proceder á parcelación dunha finca situada en Cibrán (Referencia catastral 15090A003010720000SE), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Manuel Hermida Vázquez.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.

**3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización para posta en funcionamento de actividade de explotación avícola de galiñas poñedoras (mellora).**

Téndose concedido por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22 de outubro de 2012, licenza para a actividade solicitada por Adrián García García para explotación avícola de galiñas poñedoras (mellora) en Ponte Ulla (Ponte Ulla).

Á vista da solicitude presentada para a autorización de posta en funcionamento, establecida nos artigos 18 e seguintes do Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, e tendo en conta que se acompaña á solicitude a certificación final de obra e actividade, así coma, informe de cumprimento de normativa sobre contaminación acústica e outra requirida.

Téndose levantado acta de comprobación, de data 14 de novembro de 2013, e á vista do contido da mesma.

A Xunta de Goberno acorda autorizar a posta en funcionamento da actividade solicitada por Adrián García García para explotación avícola de galiñas poñedoras (mellora) en Ponte Ulla (Ponte Ulla), nos termos da documentación que obra no expediente tramitado.

**4º.-Facturas varias.**

Dáse conta das seguintes facturas:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



<b>Núm. Factura</b>	<b>Provedor/Acredor</b>	<b>Importe</b>	<b>Descrición</b>
A 498	Autocares Mougán S.L.	429,00 €	Servizo autocares para actividade baixada en piragua polo Ulla
095//13	Reparaciones Sinde , S.L.	101,64 €	Reparacións rozadoiras en xullo e outubro
09/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	278,85 €	9 Fras. de setembro por subministro a escolas en xullo e agosto
1.130.811.230 .025	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	140,66 €	Subministro á reitoral de Ponte Ulla en xullo-agosto
1.130.910.116 .149	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	452,15 €	Subministro á ludoteca meses xullo e agosto
1.130.811.250 .745	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	158,28 €	Subministro ao centro de saúde de Vedra mes agosto
09/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	73,50 €	Subministro a centro saúde Sta. Cruz en xullo e agosto
09/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	532,55 €	9 fras. de setembro por subministro ás escolas meses xullo e agosto
1.130.811.254 .810	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	92,10 €	Subministro á nave de Trobe meses xullo e agosto
13.095	Ditecor Ingenieria, S.L. NE	2.377,65 €	Redacción proxecto instalación fotovoltaica no CPI de Vedra
13.094	Ditecor Ingenieria, S.L. NE	1.304,38 €	Redacción proxecto instalación fotovoltaica na casa do Concello
1.130.811.288 .093	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	11,99 €	Subministro ao bombeo de Socastro meses xullo e agosto
1.130.910.012 .095	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	232,74 €	Subministro ao punto limpo meses xullo e agosto
31	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	1.016,40 €	Traballos realizados na área recreativa de Agronovo
Tickets Eroski	Acredores diversos	81,59 €	Produtos para madrugadores en setembro e outubro
574.286.342	Allianz Seguros y Rea.,SA	948,69 €	Recibo seguro anual centro saúde de Vedra, CPI de Vedra, CEIP Santa Cruz e escolas
50.367.115	Ricoh España, SLU	353,81 €	Cargo mínimo fotocopias máquina 1ª planta mes outubro
212	Hierros Diego, S.L.	294,43 €	Materiais para arranxo do cerre da pista polideportiva de San Xián
1.300.017	Rodriguez Feijoo Mario-Ceramica da Ulla	84,70 €	Detalles para o festival de corais da 3ª Idade e o concurso de xardíns



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



P306.282	Editorial Compostela, SA	145,20 €	Publicación de anuncio expte. urbanístico modificación PXOM SUD-7
A 578/13	Servinor Prevencion, S.L.	1.173,70 €	Cota anual do concerto para a prevención de riscos laborais
CI0677912956	Vodafone España, S.A.U.	1.275,73 €	Servizo de telefonía do 15-09 ao 14-10
2013/066	Xestedec Comunicación	584,43 €	Pancartas para a campaña de axuda ao neno José M. Iglesias
97.005.455	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	121,00 €	Grampas para fotocopiadora da planta baixa
439	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	42,35 €	Centro de flores para a festa da patroa da casa da 3ª Idade
615	Restaurante Ríos-Ramiro T. Casal Ríos	48,00 €	Comida do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
F13321131120021	Gas Natural Servicios SDG S.A.	416,02 €	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede meses xullo e agosto
F13321131120023	Gas Natural Servicios SDG S.A.	1.369,15 €	Subministro a piscina municipal meses xullo e agosto
F13321131120025	Gas Natural Servicios SDG S.A.	854,71 €	Subministro a depuradora de Calzande mes agosto
F13321131120026	Gas Natural Servicios SDG S.A.	345,24 €	Subministro a casa concello en agosto
F13321131120027	Gas Natural Servicios SDG S.A.	435,96 €	Subministro ao CPI de Vedra agosto
F13321131120030	Gas Natural Servicios SDG S.A.	106,69 €	Subministro ao CEIP de Sta. Cruz meses xullo e agosto
F13321131120028	Gas Natural Servicios SDG S.A.	37,40 €	Subministro bombeo de Paradela mes agosto
F13321129912883	Gas Natural Servicios SDG S.A.	143,98 €	Subministro a gardería municipal mes agosto
09/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	1.330,22 €	Fras. subministro 5 iluminacións públicas en agosto
1.130.811.257.993	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	170,39 €	Subministro á oficina turismo meses xullo e agosto
09/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	13.014,42 €	Fras. de setembro por subministro ao alumeadado público
522.368.200	Mapfre Seguros de Empresas	199,99 €	Seguro actividade para axuda neno José M. Iglesias
0101-1301089	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	34,98 €	Recollida residuos en punto limpo en setembro
32.667.504	Deputación Provincial	82,61 €	Recibo IBI Urbana 2013 casa Cámara Agraria Sta. Cr
Z/0003/13	Versa Asesores, S.L.	2.848,81 €	Material prácticas curso atención a dependentes



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



F/0015/13	Versa Asesores, S.L.	1.308,16 €	Manuais para curso atención a dependentes
A/20	Hércules Proxectos e Estudos, S.L.N.E.	1.632,30 €	Informe de calidade curso atención a dependentes
P 306.342	Editorial Compostela, SA	383,74 €	Concerto de publicidade ano 2013 mes outubro
VD 10/2013	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería en escola infantil mes outubro
2.845	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	182,01 €	Documentación municipal
5	De la Torre Lobato José Manuel	201,60 €	Limpeza masa común en Sta. Cruz (zona cemiterio)
10	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento de albergue mes outubro
13/11	Freiría Suárez José María	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes outubro
13/12	Freiría Suárez José María	340,23 €	Incremento en limpeza escolas mes outubro
5.000.301.653	Plásticos Santi, S.L.	9,99 €	Materiais para actividade traballo corporal 3ª Idade
1.306.805	Proel Ascensores, S.L.	231,44 €	Mantemento ascensor del CPI de Vedra en 4T/2013
S13/118002	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrición a La Voz de Galicia mes outubro
4.320.130.301 .360	Espina & Delfin, SL	1.791,13 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 3T/2013
33 7733	Ulla-Oil S. L.	920,00 €	Gasóleo C para centro saúde Vedra servido en outubro
0541/E13	Talleres San Fins S.L.	111,38 €	Reparación rozadoira avanzada en outubro
0552/E13	Talleres San Fins S.L.	170,61 €	Reparación tractor J.Deere E7264BFN en outubro
0553/E13	Talleres San Fins S.L.	1.438,07 €	Reparacións rozadoira avanzada en outubro
29/2013	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Modificado Plan Especial PNT Ponte Ulla mes setembro
31/2013	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Asistencia técnica Parque Empresarial mes outubro
129	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	525,14 €	Traballos realizados nas ventás do CPI Vedra
311/1	Alquimao S.L.	798,60 €	Canóns de calor para pavillón outros en outubro
51	Grupo Acofide, S.C.	6.241,48 €	Xestión polideportivo municipal mes outubro (1/48)
2	Rodríguez Quintás Sandra	2.087,25 €	Impartir módulo 1019 curso atención dependente



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



13-1351	Puente Ulla S.L.	355,86 €	Gasóleo B para tractores subministrado en outubro
13-1357	Puente Ulla S.L.	1.778,86 €	Gasóleo A e outros para camión recollida lixo outubro
13-1358	Puente Ulla S.L.	70,00 €	Gasolina para brigada verde servida en outubro
348//13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	734,12 €	Rozadoira para brigada verde e outros
92.806.549	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes novembro
3023 / 3176	Acredores diversos	79,28 €	Tickets de Erosqui por produtos para madrugadores
2.013.600	Electricidad Cruceiro, SL	2.052,97 €	Mantemento iluminación pública mes outubro
FP11313246	Paz Dismac, S.L.	313,39 €	Papel A-4 subministrado en outubro
51/2013	García Silva Fernando-Indirot	186,34 €	Dous carteis anunciadores de obra para urbanismo
684	Federación Galega de Ciclismo	1.000,00 €	Patrocino maillot montaña volta Galicia
1/2013	Salgueiro Albores Natalia	974,05 €	Impartir curso atención a dependentes mes setembro
2/2013	Salgueiro Albores Natalia	556,60 €	Impartir curso atención a dependentes mes outubro
A00333	Sociser Galicia, S.L.	2.304,79 €	Servizo asistencial a domicilio mes outubro
A00334	Sociser Galicia, S.L.	5.467,78 €	Horas SAF dependencia mes outubro
3335756/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscripción a El Correo Gallego mes novembro
89.461.030.00 2	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT y Canal + en casa 3ª Idade mes novembro
013 00839	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	531,61 €	Servizos prestados no punto limpo mes outubro
39236375-S	Seguros Catalana de Occidente, SA	90,01 €	Recibo seguro anual tractor J.Deere C-89650-VE
39236394-V	Seguros Catalana de Occidente, SA	42,00 €	Recibo seguro anual remolque E-9224-BBB
39236393-H	Seguros Catalana de Occidente, SA	90,01 €	Recibo seguro anual tractor Lamborghini E-9223-BBB
TA4JE00141 03	Telefónica de España, SAU-Movistar	24,45 €	Fra. de outubro por servizo fax en S. Sociais
224	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	310,72 €	Traballos realizados en campo fútbol Sta. Cruz outubro
D028266	Diario Oficial Galicia	119,24 €	Taxa publicación anuncio Plan Especial Ponte Ulla
GC000001	Maeve McLoughlin	650,00 €	Impartir e material curso inglés



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			CEIP Sta.Cruz outubro
2013/2826	Sogama S. A.	9.130,44 €	Tratamento de residuos mes outubro
2013/070	Xestedec Comunicación	698,36 €	Impresión boletín municipal mes outubro
2013/082	Xestedec Comunicación	530,40 €	Impresión boletín municipal mes novembro
490	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	137,28 €	Castañas para magosto 3ªEdad 2013
13/0177	M.C. Mapoca, S.L.	97,10 €	Servizo de grúa prestado en nave Trobe en outubro
13/0176	M.C. Mapoca, S.L.	60,50 €	Materiais para cambio marquesiña en Vilanova
13/0175	M.C. Mapoca, S.L.	1.479,10 €	Materiais para obra campo fútbol San Mamede
13/0174	M.C. Mapoca, S.L.	590,54 €	Materiais obra conexión auga cemiterio Pontte Ulla
1 201300006	Silva Suárez Samuel - Gráficas de Vedra	181,50 €	Dous carteis de anuncio de obra para urbanismo
	García Rey Beatriz	150,00 €	Indemnización por actuación no magosto 3ª Idade 2013
	Alumnos curso AFD 2013-1426 (atención a persoas dependentes), subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar	7.037,28 €	Bolsas dos alumnos asistentes ao curso meses xullo, agosto, setembro e outubro
	Membros da mesa de selección do persoal do plan de cooperación da Xunta	374,54 €	Total indemnización polas reunións mantidas o día 16/10/2013 para a selección do persoal da brigada verde e de protección civil
	Membros da comisión avaliadora de axudas a entidades deportivas	122,03 €	Total indemnización pola reunión mantida o día 14/11/2013 para propoñer as axudas a entidades deportivas do concello de Vedra do ano 2013
	Martínez Carrillo Carlos	183,4 €	Quilometraxe por xestións no mes de outubro
	Sanmartín Carrera Carlos J.	90,05 €	Quilometraxe, peaxes autoestrada e aparcamentos por xestións de tesourería e seguridade social meses outubro e novembro
	Amenal Junquera Teresa	289,90 €	Indemnización, quilometraxe e peaxes autoestrada por asistencia a curso de acces en



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			Santiago e presentación do programa do inventario de bens municipais na Coruña, en outubro
	Vilas Giadanes M <sup>a</sup> Cruz	141,05 €	Indemnización por asistencia a 5 mesas técnicas do grupo de traballo constituído para tramitar o obradoiro de emprego <i>Vedra-Boqueixón</i>
	Chas Bao José Ramón	24,00 €	Indemnización por asistencia á presentación do programa do inventario de bens municipais en outubro na Coruña
	Munín Castelao José I.	259,50 €	Quilometraxe dos meses agosto, setembro e outubro
	Lema Rodríguez Clara	65,75 €	Quilometraxe dos meses xullo, agosto, setembro e outubro
	Rendo Rial Pastora	115,00 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes outubro
	Graña Campelo Pilar	118,25 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes outubro
	Orosa Carpinteiro Cristina	63,75 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes outubro
	Iglesias Parada Carbia	104,00 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes outubro
	Vilariño Rodríguez M <sup>a</sup> Cristina	28,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes outubro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

Así mesmo acorda rexeitar as que de seguido se relacionan:

\*Factura núm. P305765 de Editorial Compostela por importe de 242,00 euros por reportaxe das Festas do Patio 2013 ao estar incluído en convenio publicitario asinado para o exercicio 2013.

\*Facturas (12) de data 19/10/2013 de Telefónica de España SAU-Movistar por importe total de 342,49 euros por servizos de telefonía fixa porque a portabilidade da telefonía fixa fíxose no mes de xullo do 2013.

\* FE13321131120022 de Gas Natural Servicios SDG , S.A por importe de 398,90 euros por subministro ao campo de fútbol de Santa Cruz por terse tramitado o cambio de titularidade da E.D. Val do Ulla e estar o pago domiciliado na conta desta asociación.



**5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para actividades deportivas para o exercicio 2013**

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda concederlle as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 341-480:

- \* CLUB OLÍMPICO DE VEDRA: 4.000,00
- \* C.D. SAN MAMEDE: 4.000,00
- \* ED RIBADULLA: 3.400,00
- \* U.D. VAL DO ULLA: 600,00

**6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro:

Nº Decreto	Data	Asunto
383	01/10/2013	Cumprimento trienios traballadores municipais
384	02/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Montaña Cela
385	02/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Rubén Nogareda Cela
386	02/10/2013	Baixa SAF de Emilia Alejo Vega
387	02/10/2013	Aprobando factura Peycar Pontevedra para xustificación subvención Protección Civil
388	02/10/2013	Clasificación ofertas licitación obra Mellora eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de alumado público en Viño grande e Laraño financiadas polo INEGA
389	07/10/2013	Incoando exp. Reposición legalidade por obras na Casa do Sol-Laraño
390	07/10/2013	Incoando expedientes baixa oficio padrón municipal de habitantes (incidencias 141,142 e 143)
391	07/10/2013	Autorizando corte de tráfico en vías municipais en San Miguel con motivo da celebración do Espazo Activo da Ulla
392	07/10/2013	Adxudicación como contrato menor da obra de ampliación do trazado da rede de saneamento en Paradela
393	08/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Marcos Casal Riveiro
394	08/10/2013	Inclusión SAF de Rita Caldelas Pereiras
395	08/10/2013	Adxudicación obra de Mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de alumado público en Viño grande e Laraño a Sociedad Española de Montajes Industriales, S.A.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



396	09/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de María Cielo Scotto di Fasano
397	09/10/2013	Desestimando alegación presentada ao exp. Incoación multas coercitivas por non limpeza de fincas en Pousada de Abaixo -Vedra
398	10/10/2013	Alta gardería de Aldara Tato Iglesias
399	10/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de María Fernández Cutrín
400	10/10/2013	Aprobación conta xustificativa subvención programa dirixido á redución abandono escolar
401	10/10/2013	Solicitud subvención á Deputación para construción senda peonil en San Fins
402	10/10/2013	Aprobación investimento furgoneta con cargo a convenio coa Deputación
403	14/10/2013	Imposición multa coercitiva por incumprimento orde demolición de piares en Pousada de Abaixo -Vedra
404	14/10/2013	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda sita en Manteles de Abaixo, nº 10
405	14/10/2013	Modificación SAF de Dorinda Amalia Pérez Nieves
406	14/10/2013	Alta SAF , libre concorrencia, de Perfecta Estévez Sandá
407	14/10/2013	Aprobación importes xornadas percibidas polos voluntarios de xullo a setembro
408	14/10/2013	Participación do Concello no Plan Marco programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014
409	15/10/2013	Inclusión SAF de Gloria Rey Álvarez
410	16/10/2013	Solicitud de subvención ao INEGA para obra de aforro no CPI de Vedra
411	16/10/2013	Solicitud subvención AGADER para aforro enerxético na Casa do Concello
412	17/10/2013	Pago convenios subscritos coa Escola Música de Santa Cruz, Escola de Música de Vedra e Club Olímpico de Vedra
413	17/10/2013	Recoñecemento trienios traballadores municipais
414	17/10/2013	Contratación tres peóns de segunda - xardineiros (Plan de Cooperación 2013)
415	17/10/2013	Selección alumnos Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón 2013
416	18/10/2013	Contratación 4 peóns de segunda -Protección Civil (Plan de Cooperación 2013)
417	18/10/2013	Concesión axuda emerxencia social a Aníbal Gabarre
418	21/10/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Gonzalo Iglesias Fernández
419	22/10/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Montserrat Rodríguez Devesa



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



420	22/10/2013	Incoando expediente reposición legalidade por obras de construción de edificación en Aldea Grande - Santa Cruz de Ribadulla
421	23/10/2013	Concesión licenza posesión cans perigosos a Gloria Suárez Vilas
422	23/10/2013	Autorización corte pistas en Vilanova para colocación de carpa en Picón
423	23/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Alberto Martínez Zas e M <sup>a</sup> . Josefa Fernández Martínez
424	23/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de José Patricio Carbajo Alves e María Paola Piñeiro Iglesias
425	23/10/2013	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo de vivenda sita en Bazar nº 15-Trobe
426	24/10/2013	Suspensión decreto imposición multa coercitiva por non demolición de piares en Pousada de Abaixo -Vedra por interposición medida preventiva
427	24/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Gustavo Horacio Deus Suárez e Marta Solar Tomás
428	24/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de familia Neira Abejón
429	24/10/2013	Concesión praza gardería de Martín Carrillo Pazos
430	25/10/2013	Corta pólas de árbores en Roelle -Vedra que invaden un vial municipal
431	28/10/2013	Pago execución títulos xudiciais 261/2013 (xuros e principal proc. 96/2012 a nome de Pablo Frago Dacosta)
432	28/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de M <sup>a</sup> . De la Paz Rey Canicoba
433	28/10/2013	Aprobación factura obra de SEMI S.A correspondente á obra de Mellora de eficiencia enerxética en instalacións eléctricas de alumeado público en Viño grande e Illobre
434	29/10/2013	Alta padrón municipal de habitantes de María Paz García Maceira
435	30/10/2013	Desestimando alegacións presentada por Solagra e deixar en suspenso o expediente de reposición de legalidade ao terse solicitado a licenza
436	31/10/2013	Inclusión SAF de Davida Mareque Barreiro
437	31/10/2013	Transferencia de créditos dentro da mesma área de gastos (da 231-227 a 233-131 e da 231-625 a 231-233)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 7º.- Outros asuntos

7.1.- Solicitudes de atención domiciliaria.

7.1.1.- Solicitud núm. 20130000001365 de dona Marina López Picanes



Dáse conta da citada instancia na que a interesada con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita o servizo de axuda no fogar para a realización de tarefas domésticas e apoio para atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo solicitado cunha intensidade de 22 horas mensuais, de luns a venres con horario adaptado ás necesidades do servizo.

2º.- Aprobar a achega do usuario, segundo a ordenanza reguladora do servizo, que ascende á cantidade de 5,71 euros/hora

7.1.2.- Solicitudade núm. 201300000001042 de don Manuel Baamonde Blanco.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Ortigueira-Santa Cruz de Ribadulla, solicita o servizo de axuda no fogar para a realización de tarefas domésticas e complementarias.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo solicitado cunha intensidade de 13 horas mensuais con horario adaptado ás necesidades do servizo.

2º.- Aprobar a achega do usuario, segundo a ordenanza reguladora do servizo, que ascende á cantidade de 2,14 euros/hora

7.2.- Escrito núm. 201300000001496 da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do citado escrito no que don David Oscar Casal Devesa, en representación da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla, expón que o vindeiro 16 de novembro celebrarase na Casa de Cultura de Santa Cruz o Certame de Corais, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos derivados da súa organización.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos cincuenta (#350,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma, xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida.

7.3.- Escrito núm. 201300000001542 da Asociación Socio Cultural 3ª Idade “O Burgo”.

Dáse conta do citado escrito no que don Javier Turnes Martínez, en calidade de Presidente da Asociación 3ª Idade o Burgo solicita a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención por importe de mil cincocentos (#1.500,00#) euros para todas as actividades do 2013, debendo presentar a relación de actividades levadas a cabo durante o mesmo.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.